

Episodios da cultura científica

Parte visible e cara oculta da marcha de Ramón de la Sagra para Cuba en 1823

A illa caribeña converteuse en lugar de acollida para algúns científicos que fuxían do absolutismo na primeira parte do século XIX



Xosé A. Fraga
Director do
Album da Ciencia

Seguro que a súa presenza non pasou desapercibida para as persoas que a mediados de maio de 1823 andaban polo porto coruñés. Alí estaba un home novo e “ben vestido” que observaba uns curiosos aparatos e, despois, desde unha chalana introducía algúns na auga. Ramón de la Sagra viña de cumprir vinte e catro anos e estaba a realizar o que denominou “ensaios preliminares no mar”, probando instrumentos de medición de diversas magnitudes físicas que pensaba utilizar na travesía cara Cuba que iniciaría o mes seguinte.

Destino científico na Habana

Ramón de la Sagra y Peris (1798-1871) procedía dunha familia da burguesía mercantil coruñesa enriquecida no comercio con América. En 1813 ingresou no Colexio militar de Santiago de Compostela, cidade na que estudou Lóxica, Metafísica, Matemáticas Sublimes, Institución Médicas e Anatomía e na que se fixo amigo de Casiano de Prado. Marchou cara Madrid e en 1821 realizou a súa primeira viaxe a Cuba de onde regresou en 1822. En novembro dese mesmo ano foi designado para desempeñar unha cátedra de Historia Natural na Habana, agregada ao Xardín Botánico, do que sería nomeado director en 1824.

Referencias e plan de traballo

O xove científico entendeu que a navegación ata a illa caribeña era unha excelente oportunidade para que a súa “curiosidad ansiosa” lle permitira avanzar no estudo físico do globo. Sagra pretendía emular a dúas figuras que realizaran estudos similares nas súas travesías, François Péron, quen en 1801 viaxou a Australia como naturalista na expedición de Nicolás Baudin e, sobre todo, Alexander von Humboldt, explorador de América (1799-1804), quen vinte e catro anos antes partira do mesmo lugar.

Desde outubro de 1822 puxo en marcha o plan de traballo: recolleu novas, consultou a viaxeiros e naturalistas e acadou os instrumentos necesarios. Quería medir a temperatura do océano e da atmosfera en diversas latitudes e as variacións da temperatura segundo as profundidades, coñecer a densidade e “saladura” (salinidade) da auga do mar e outras magnitudes.



Porto da Coruña no século XIX. | LA OPINIÓN




Ramón de la Sagra. Á dereita, comparación dos resultados de Sagra e Humboldt na medición da temperatura (“Historia física y natural de la Isla de Cuba”, 1839). Hai un erro na data atribuída a Humboldt, é 1799, non 1797. | L. O.

Preparativos

Para executar o plan necesitaba termómetros, barómetros, higrómetros e densímetros, instrumentos específicos que reuniu con esforzo e coa axuda de relevantes científicos do momento. Asemade, recolleu datos en libros da biblioteca da Universidade compostelá e comparou os seus termómetros cos que posuía ese centro educativo de autoría de Jean Fortin. Este artesán francés construíra os aparatos utilizados na medición do meridiano que pasa por Barcelona e Formentera, proceso no que interveu o matemático galego Xosé Rodríguez González, mestre de Sagra en Santiago, quen na cidade compostelá revisou os instrumentos do seu discípulo e lle deu consellos sobre o uso.

Sagra encargou a fabricación dos aparatos a dous artesáns composteláns, os irmáns Domingo e José Lareo Quintela. Accedeu a eles grazas ao consello e interme-



diación doutro dos seus profesores, o amigo Domingo Fontán, quen os coñecía ben xa que colaboraran con el na elaboración da Carta Xeométrica de Galicia, que foi en 1834 o primeiro mapa científico do país (honra que comparte co Mapa Geognóstico do Reyno de Galicia de Guillermo Schulz como ben me lembrou o catedrático da Universidade da Coruña Juan Ramón Vidal Romaní). Asemade, Fontán, que residía na Coruña desde ese ano 1822, pois ocupaba a secretaría da recém constituída Deputación provincial, prestou a Sagra os seus magníficos instrumentos, aparatos meteorolóxicos e físicos para comparalos.

Resultados da travesía

Como deixou escrito Sagra, o 25 xuño ás 13.30 “dimos a la vela”, a fragata *Activa* partiu do porto coruñés para La Habana. Sobre a actividade realizada na travesía

deu conta o mesmo ano 1823 nun artigo: “Observaciones físicas hechas por D. Ramón Sagra en el Océano Atlántico, durante su viaje de la Coruña a la Habana” aparecido nas *Memorias de la Sociedad Económica de la Habana*. Anos máis tarde comparou os resultados cos de Humboldt nunha gráfica que reproducimos e que figurou no tomo un do seu libro *Historia Física, Política y Natural de la Isla de Cuba* (1839).

A cara oculta da viaxe

O relato previo recolle unha parte da realidade, mais elude unhas circunstancias e feitos que incidiron de xeito notable nas decisións de Sagra e que tiveron unha fonda transcendencia para a actividade científica en Galicia. Cando en maio de 1823 andaba a realizar os seus ensaios no porto coruñés e a consultar os instrumentos de Fontán, ambos personaxes tamén esta-

ban compartindo a preocupación pola grave situación política. O mes anterior iniciárase a invasión de España por un exército francés ao mando de Luis Antonio de Borbón, duque de Angulema, co obxectivo de restablecer o absolutismo, acabar co sistema liberal recollido na Constitución de Cádiz de 1812 e volver ao Antigo Réxime da man de Fernando VII.

Tanto Fontán como Sagra estaban plenamente identificados co liberalismo, algo habitual nos científicos máis relevantes do seu tempo. Ese foi o caso de Xulián Suárez Freire, impulsor do Colexio de Farmacia de Santiago, de Eusebio Bueno e José Francisco Vendrell de Pedralbes, figuras do Colexio de Cirurxía da mesma cidade, do químico Gabriel Fernández Taboada, dos matemáticos Xosé Rodríguez e Domingo Fontán ou de Ramón de la Sagra e o xeólogo e paleontólogo Casiano de Prado.

O acoso do absolutismo xa se iniciara ao remate da Guerra da Independencia (1814-1820), mais no trienio liberal (1820-1823) os movementos antiliberais seguían ben activos e con socios importantes en Europa, e non era difícil prever o seu éxito nun tempo próximo. Esa situación xerou unha lóxica cooperación entre os afectados, que, nalgúns casos, incluíu a integración na masonería, unha organización que actuou máis como rede defensiva de axuda mutua que como o elemento conspirativo que se lle atribuíu. Nese sentido, o proxecto de traslado de Sagra para Cuba tivo moito que ver coa busca dunha protección da represión absolutista e aproveitar o